



## ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA: VAGA DE CALOR

**DATA DE ENVIO: 16/06/2017**

### **NIVEL DE ALERTA: LARANXA**

- **ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.**

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, informa dun episodio de vaga de calor a partir do día 16 de xuño de 2017, de nivel **LARANXA**, as áreas máis afectadas poderían ser as correspondentes ao Miño de Ourense, Valdeorras, Miño de Pontevedra, interior de Pontevedra e suroeste da Coruña.

Dende esta mesma tarde de venres o aire cálido que ata o de agora estivo retido polos ventos do norte en todo o centro peninsular, vai entrar en Galicia. Hoxe hai avisos de nivel amarelo por temperaturas máximas superiores aos 34-36°C no sur da Comunidade.

Para a fin de semana, o aire cálido permanecerá sobre Galicia, sen vento, polo que as temperaturas serán moi elevadas tanto polo día como pola noite. A situación de forte calor será xeralizada en toda a Comunidade, agás no norte da provincia de Lugo, onde as temperaturas máximas non superarán os 25°C. No resto de Galicia prevense valores máximos arredor dos 30°C e mínimos de 18°C como media, aínda que cómpre destacar as zonas de Miño de Ourense e Valdeorras con nivel laranxa por temperaturas máximas superiores aos 39°C.

Para o luns agárdase un lixeiro descenso das temperaturas. Seguirá sendo unha xornada de calor, pero sen acadar os valores extremos da fin de semana.

### **POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES EN PREVISIÓN DESTES FEITOS:**

**Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando á cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar. Ante calquera emerxencia chame ó 112**

**SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA.**

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)